



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400*

M^a LORETO LÓPEZ FERNÁNDEZ, SECRETARIA DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, A CORUÑA

CERTIFICO: Que o Sr. alcalde do Concello de Malpica de Bergantiños, con data 25-05-2023, ditou a seguinte Resolución 317/2023 que literalmente se transcribe:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS EN SEIXAS”, E APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN, OBRA INCLUÍDA NA PRIMEIRA FASE DO POS+ADICIONAL 2/2022

EXPEDIENTE: 2022/C003/000008

Visto o expediente tramitado para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, (mediante aplicación de fórmulas: oferta económica e porcentaxe de mulleres en relación coa plantilla global da empresa), art. 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en diante LCSP, da obra á que se refire o proxecto denominado “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS EN SEIXAS”, segundo o proxecto técnico redactado polo arquitecto, D. Gonzalo García Martínez (ARQUB 27 ESTUDIO.) e cuxo orzamento base de licitación é de 52.927,08 € (43.741,39 € base imposable + 9.185,69 € de 21% de IVE) e valor estimado do contrato de 43.741,39 €.

Examinado e achado conforme o expediente de contratación tramitado ao efecto, no que constan entre outros documentos, de conformidade coa LCSP:

- Proxecto técnico aprobado polo Pleno do concello en sesión de data 27/01/2022.
- Acta de reformulo previo, incorporada ao citado proxecto técnico.
- Documento suscrito por esta alcaldía no que se xustifica a necesidade deste contrato, arts. 28 e 116 da LCSP.
- Documento suscrito por esta alcaldía no que se xustifican os extremos esixidos polo art. 116.4 da LCSP.
- Providencia desta Alcaldía de data 18/05/2023 na que se dispón entre outras cuestións a incoación do expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado (art. 159 da LCSP), tramitación ordinaria, con varios criterios de adxudicación cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas, oferta económica e porcentaxe de mulleres en relación coa plantilla global da empresa.
- Certificado de existencia de crédito emitido pola intervención municipal.
- O “Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos Plans Provinciais e outras obras provinciais”, aprobados polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o 26/02/2021, incluíndo os seus anexos.

Considerando que existe consignación orzamentaria axeitada e suficiente.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400*

Vistos os informes preceptivos emitidos pola secretaría e pola intervención municipal que obran no expediente.

É polo que en atención ao exposto e en uso das facultades que me confire a disposición adicional 2ª da LCSP,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar, de conformidade co previsto nos arts. 116, 117, 131, 145 e seguintes e 159 da LCSP o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación (mediante a aplicación de fórmulas: oferta económica e porcentaxe de mulleres en relación coa plantilla global da empresa), tramitación ordinaria, para a adxudicación da obra a que se refire o proxecto denominado “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS EN SEIXAS”, incluída no “*Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) da Deputación Provincial da Coruña, POS+ADICIONAL 2/2022, 1ª fase*”, segundo o proxecto técnico redactado polo arquitecto, D. Gonzalo García Martínez (ARQUB 27 ESTUDIO.) e cuxo orzamento base de licitación é de 52.927,08 € (43.741,39 € base imposable + 9.185,69 € de 21% de IVE) e valor estimado do contrato de 43.741,39 €.

Segundo.- Facer uso, para a devandita contratación, do vixente “Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos Plans Provinciais e outras obras provinciais”, aprobados polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o 26/02/2021, incluíndo os seus anexos que se aproban neste acto.

Terceiro.- Autorizar o 52.927,08 € (43.741,39 € base imposable + 9.185,69 € de 21% de IVE) con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 (código de proxecto 2022/2/SEIXA/1) do Orzamento Xeral do Concello de Malpica de Bergantiños prorrogado para o ano 2023.

Cuarto.- Dispoñer, de conformidade cos arts. 117 e 159 da LCSP a apertura do procedemento de adxudicación, procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas: oferta económica e porcentaxe de mulleres en relación coa plantilla global da empresa), procedendo, de conformidade co previsto nas cláusulas 10 e 11 do prego e art. 159 da LCSP, á publicación da licitación no perfil do contratante do órgano de contratación, para que no prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte a publicación do anuncio de licitación, as empresas que estean interesadas en participar no procedemento presenten as súas ofertas.

Quinto.- Establecer a improcedencia de revisión de prezos nesta contratación, segundo consta no prego de cláusulas administrativas.

Sexto.- De conformidade co previsto no art. 326 e disposición adicional 2ª da LCSP proceder á designación da Mesa de Contratación, a cal estará presidida por esta Alcaldía, quedando integrada así polos seguintes membros:

Presidente:

D. Eduardo J. Parga Veiga, Alcalde-Presidente do Concello.

Suplente do presidente:

D. Miguel Ángel Fernández Mirás, Concelleiro delegado de Obras e Medio Ambiente.

Vogais:



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Dª Mª Loreto López Fernández, Secretaria do Concello ou persoa que legalmente a substitúa.

Dª Ana Mª Iglesias Gato, Interventora do Concello ou persoa que legalmente a substitúa.

Dª Patricia Coence Antelo, Tesoureira da Concello ou persoa que legalmente a substitúa.

Secretario:

D. Juan Carlos Penedo Loureiro, administrativo do Concello.

Suplente do secretario:

D. Juan Ramón Vila Vila, administrativo do Concello.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, Mª Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)”.
E para que así conste expido o presente de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde, en Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe pola secretaria, D/Dª Mª Loreto López Fernández e o Sr. Alcalde, D. Eduardo J. Parga Veiga.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).